

Obxectivos:

Os extraordinarios avances tecnolóxicos dos últimos anos xeraron a irrupción da denominada “intelixencia artificial”, que se está a introducir en todos os sectores empresariais, así como na Administración, o que fai necesario abordar a súa regularización. Actualmente, estase a tramitar unha proposta da Comisión Europea de Regulamento sobre intelixencia artificial, que abordará os seus principais aspectos xurídicos no marco da Unión Europea.

Neste curso tratarase o uso que, na actualidade, fai o sector público da intelixencia artificial como soporte para tomar decisións que deben ser obxecto de control e impugnación, analizando particularmente o caso da Administración local. Ademais, abordaranse aspectos relacionados coa propiedade industrial e intelectual, como a titularidade das obras e invencións xeradas pola intelixencia artificial no ámbito da Administración pública.

Persoas destinatarias:

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega e das súas entidades públicas instrumentais; da Administración institucional, da Administración local e das universidades do sistema universitario de Galicia; e a profesionais e persoas interesadas en xeral.

Convocatoria:

DOG núm. 106, do 3 de xuño de 2022.

Lugar de desenvolvemento:

EGAP, rúa Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239 / 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal / Web: <https://egap.xunta.gal>

Inscrición: <https://egap.xunta.gal/matricula>


ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Curso monográfico

A intelixencia artificial na Administración

(PU22015-SANTIAGO)

Santiago de Compostela, 9 e 10 de xuño de 2022



ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA

 Xacobeo 21-22

Xoves 9 de xuño

MAÑÁ

- 12:00 h. Inauguración.
- 12:15 h. **Marco xurídico da intelixencia artificial como soporte á toma de decisións do sector público.**
Eduardo Gamero Casado.
Catedrático de Dereito Administrativo. Universidade Pablo de Olavide.
Conselleiro de Montero-Aramburu Avogados
- 13:30 h. **Control e impugnación das decisións administrativas baseadas en intelixencia artificial.**
Alejandro Huergo Lora.
Catedrático de Dereito Administrativo.
Universidade de Oviedo.

TARDE

- 16:30 h. **A intelixencia artificial e o dereito á propiedade intelectual.**
Pablo Fernández Carballo-Calero.
Profesor titular de Dereito Mercantil.
Universidade de Vigo.
- 17:45 h. **Intelixencia artificial e control da Administración pública local: auditoría algorítmica.**
Eva María Mota Sánchez.
Interventora de Administración local.

Venres 10 de xuño

MAÑÁ

- 10:00 h. **A intelixencia artificial e o dereito á propiedade industrial.**
Carlos Lema Devesa.
Catedrático de Dereito Mercantil. Universidade Complutense de Madrid.
Avogado.
Sara Louredo Casado.
Investigadora postdoutorado. Universidade de Vigo.
- 11:10 h. **A intelixencia artificial na Administración Pública.**
Carles Ramió Matas.
Catedrático de Ciencia Política e da Administración.
Universidade Pompeu Fabra.
- 12:30 h. Pausa café.
- 13:00 h. **Intelixencia artificial. Dereito. Administración.**
José Manuel Romay Beccaría.
Expresidente do Consello de Estado.

DIRECCIÓN ACADÉMICA:

Carlos Lema Devesa.
Catedrático de Dereito Mercantil; Universidade Complutense de Madrid. Avogado.

NOTA:

Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.
As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola:
<https://egap.xunta.gal>